



## IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

### Ourense

#### Servizo de Persoal e Recursos Humanos

##### Sección de Persoal

Por Decreto da Dirección Xeral de Recursos Humanos e Servizos Xerais do 4 de novembro de 2014 e número de rexistro 5347, resolveuse o seguinte:

“De conformidade coas bases específicas que regularon o proceso de selección de 3 oficiais de Policía Local por concurso-oposición por promoción interna para o Excmo. Concello de Ourense, correspondentes á oferta de emprego de 2010, e en vista de que os aspirantes propostos polo tribunal cualificador para seu nomeamento superaron o curso de capacitación impartido pola Academia Galega de Seguridade Pública, esta Dirección Xeral, en uso das súas atribucións conferidas polo Decreto da Alcaldía n.º 3731, do 18 de xullo de 2013, resolve:

Nomear con efectos da data de toma de posesión como oficiais da Policía Local do Excmo. Concello de Ourense a cada un dos seguintes aspirantes:

- 1.- Don Santiago Abellás González (34967414-P)
- 2.- Don Carlos Quintela Domínguez (34996318-R)
- 3.- Don Damián Núñez Sánchez (34984874-B)”

Ourense, 12 de novembro de 2014. A directora xeral de Recursos Humanos.

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta.

#### Servicio de Personal y Recursos Humanos

##### Sección de Personal

Por Decreto de la Dirección General de Recursos Humanos y Servicios Generales de 4 de noviembre de 2014 y número de registro 5347, se ha resuelto lo siguiente:

“De conformidad con las bases específicas que han regulado el proceso de selección de 3 oficiales de Policía Local por concurso-oposición por promoción interna para el Excmo. Ayuntamiento de Ourense, correspondientes a la oferta de empleo de 2010, y en vista de que los aspirantes propuestos por el tribunal cualificador para su nombramiento han superado el curso de capacitación impartido por la Academia Gallega de Seguridad Pública, esta Dirección General, en uso de sus atribuciones conferidas por Decreto de Alcaldía n.º 3731, de 18 de julio de 2013, resuelve:

Nombrar con efectos de la fecha de toma de posesión como oficial de Policía Local del Excmo. Ayuntamiento de Ourense a cada uno de los siguientes aspirantes:

- 1.- Don Santiago Abellás González (34967414-P)
- 2.- Don Carlos Quintela Domínguez (34996318-R)
- 3.- Don Damián Núñez Sánchez (34984874-B)”

Ourense, 12 de noviembre de 2014. La directora general de Recursos Humanos.

Fdo.: Carmen Rodríguez Dacosta.

R. 4.231

### Ourense

#### Benestar Social

O Pleno do concello, na sesión ordinaria do 4 de xullo de 2014, adoptou entre outros o acordo de aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar.

Tras a oportuna exposición, polo prazo de trinta días, sen que conste a recepción de alegacións á mesma, e dado que neste caso, o texto legal do citado acordo plenario, decide outorgar a súa aprobación definitiva, dáse conta pública do texto completo da ordenanza modificada para a súa entrada en vigor, a partir do día seguinte desta publicación.

#### Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Ourense

##### Exposición de motivos

A Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Ourense foi aprobada polo Pleno na sesión ordinaria do 7 de xuño de 2013, en exercicio das competencias que establecía o artigo 25.2.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local (BOE n.º 80, do 3 de abril de 1985), e dentro do marco competencial contido no seu artigo 25.2.k), e para dar cumprimento ao disposto na lexislación sectorial de servizos sociais, particularmente na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que establece no seu artigo 11.1.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión do servizo de axuda no fogar. Así como na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e normativa estatal e galega que a desenvolve.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, fíxose necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto, aprobándose a Ordenanza municipal modificada do servizo de axuda no fogar do Concello de Ourense en sesión ordinaria do Pleno do concello do 7 de xuño de 2013, e publicouse para a súa entrada en vigor, o 29 de xuño de 2013 no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP) n.º 148.

Con posterioridade a entrada en vigor desta ordenanza, o Consello da Xunta de Galicia, en reunión do día cinco de setembro de 2013, aprobou o Decreto 149/2013, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, publicado no Diario Oficial de Galicia n.º 182, do 24 de setembro de 2013, e cuxa disposición derradeira cuarta obriga as corporacións locais a adaptar as súas ordenanzas no prazo de seis meses dende o día seguinte ao da publicación do Decreto.

En consecuencia e para dar cumprimento á mencionada obriga, o Concello de Ourense ven de aprobar a seguinte ordenanza:

##### Artigo 1.- Obxecto

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar (en diante SAF) desenvolvido polo concello de Ourense.

##### Artigo 2.- Ámbito de aplicación

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no municipio de Ourense.

##### Artigo 3. Natureza, definición e obxectivos do servizo

1. O SAF é unha prestación básica dos Servizos Sociais Comunitarios, trátase dun servizo público de carácter local, que ofrece un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

2. O SAF poderá prestarse, a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con défi-

cits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3. O SAF ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

4. Son obxectivos do SAF:

- Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- Retardar ou evitar a institucionalización.
- Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 4.- Contido do servizo

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais no marco do servizo de axuda no fogar, poderán prestarse os seguintes tipos de atencións de carácter básico:

1.1. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- a) Asistencia para erguerse e deitarse.
- b) Apoio no coidado e hixiene persoal: baño, cambio de roupa, lavado do cabelo, e todo aquilo que requira a hixiene habitual, especialmente precisa en persoas encamadas e incontinentes.
- c) Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- d) Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- e) Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal dentro do fogar.
- f) Adestramento na realización das actividades da vida cotiá no contorno doméstico que potencien a autonomía do/a usuario/a.

1.2. Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- a) Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- b) Apoio na realización de xestións necesarias e urxentes.

1.3. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda -estas atencións no servizo recibido a través da Lei de dependencia só poderán ser recoñecidas conxuntamente cos servizos de atención persoal- tales como:

- a) Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- b) Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- c) Preparación dos alimentos.
- d) Lavado e coidado das prendas de vestir.
- e) Coidados básicos da vivenda.

1.4. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estrutura familiar.

2. Servizo de comida no fogar: como norma xeral será un servizo complementario do SAF que, mediante persoal cualificado, subministra diariamente a comida no fogar a aquelas persoas que por a súa especial situación así o requiran, segundo a valoración da traballadora social de referencia. En casos extraordinarios, poderán gozar do servizo outros usuarios non incluídos no SAF, sempre que mediante un informe técnico da traballadora social correspondente, se fundamente a situación de

necesidade de unha persoa ou familia, e que sexa este servizo o recurso idóneo para dar resposta a situación de necesidade que presentan, este informe deberá contar co visado do/a xefe/a de servizo.

3. Outros servizos complementarios: con carácter complementario, o SAF poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- 3.1. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- 3.2. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- 3.3. Adaptacións funcionais do fogar.
- 3.4. Servizo de podoloxía.
- 3.5. Servizo de fisioterapia.

4. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

5. Outros servizos, non considerados nos apartados anteriores, poden ser incluídos con carácter específico para cumprir os obxectivos do SAF.

En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo as seguintes:

1. A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no Proxecto de intervención e no acordo de servizo.
2. Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 5.- Persoas destinatarias

1.- O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica do traballador/a social dos Servizos Sociais Comunitarios, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

En todo caso darase prioridade de acceso o servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

2.- Poderán ser usuarios do SAF en réxime de libre concorrencia aquelas persoas ou familias as que non lles asista o dereito efectivo ao catálogo de servizos de atención a dependencia e que se encadren nun marco de problemáticas concretas, sempre que se trate de persoas ou unidades de convivencia empadroadas no Concello de Ourense con unha antigüidade de tres meses e que reúnan os seguintes requisitos:

- Persoas con certo nivel de dependencia que non teñan apoio de ninguén e con esta axuda poidan continuar vivindo no seu fogar.

- Persoas con discapacidade ás que a axuda no fogar lles poida mellorar seu nivel de desenvolvemento persoal.

- Familias que teñan anciáns, persoas con discapacidade ou enfermos crónicos ao seu cargo e que precisan axuda para continuar atendéndoos.



– Persoas afectadas por unha lesión, enfermidade física ou mental ou por outros motivos, que precisen das prestacións do servizo de axuda no fogar.

– Persoas ou familias con grave risco de desestruturación e/ou exclusión.

En xeral, poderán ser usuarios do SAF aquelas persoas e/ou familias nas que existe unha situación de necesidade de atención e que, de acordo coa valoración dos/as traballadores/as sociais dos servizos sociais comunitarios municipais, supoña o SAF o recurso idóneo de atención.

Quedan exentos de cumprir o requisito de empadramento:

– Aquelas persoas que por reagrupamento familiar se trasladan a este Concello e ata a data do traslado foran beneficiarios do SAF no concello de procedencia. No momento da solicitude deberán empadroarse no Concello de Ourense e achegar certificado dos Servizos Sociais de procedencia no que se faga constar as prestacións de SAF que viñan recibindo.

– Aquelas persoas que rotan de domicilio en distintos concellos por motivos de apoio familiar, e que no domicilio onde están empadroadas son beneficiarios do SAF. Deberán aportar certificado onde se faga constar as prestacións que viñan recibindo.

3.- O acceso o servizo será directo para as persoas que teñan recoñecida a situación de dependencia, e se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución.

Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

- A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.

- A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.

- A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.

- A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.

- A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.

- A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.

- Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

- A coñeceren a situación do seu expediente.

- A seren informadas, de maneira clara e precisa, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.

- Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.

- Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 7.- Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos

sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

- Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.

- Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideren resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.

- Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e pondo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.

- Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

- Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.

- Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.

- Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

- A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que poida impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

- Ter residencia efectiva no domicilio no que se presta o servizo.

Artigo 8.- Causas de extinción, modificación ou suspensión temporal do servizo

Con carácter xeral, a extinción, modificación, ou suspensión temporal das condicións de prestación do SAF, requirirá a tramitación do correspondente expediente, co trámite de audiencia da persoa interesada cando proceda, e a resolución do alcalde ou concelleiro/a en quen delegue.

1.- Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

1. A renuncia voluntaria da persoa usuaria. Neste caso deberá asinar o/a usuario/a o documento de cesamento e quedará resolta toda vinculación co concello.

2. O ingreso en residencia de maiores ou discapacitados.

3. O cambio de Programa individual de atención ou do Proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

4. Traslado definitivo da súa residencia fóra do Concello de Ourense.

5. A non aceptación ou incumprimento reiterado das normas do servizo.

6. Incumprimento das condicións do contrato

7. Falecemento da persoa usuaria.

8. A falta reiterada de pagamento do servizo.

9. Ausentarse do domicilio o/a usuario/a, cando exceda de tres meses, supoñerá a extinción do servizo, excepto nos casos de hospitalización.

10. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo:

a) A recuperación da autonomía persoal ou familiar.

b) A modificación dalgunhas das circunstancias que motivaron a súa concesión.

Nos supostos de falecemento ou ingreso en residencia, cando na unidade de convivencia exista unha persoa carente de autonomía, que cumpra co baremo esixido, poderá continuarse co servizo, completándose en todo caso a documentación necesaria no expediente.

2.- Serán causas de suspensión temporal do servizo, logo da tramitación do correspondente expediente e informe social razoado que deberá incorporarse ao expediente, as seguintes:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrencia e por un máximo de dous meses para as persoas de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

2. Ingreso en centro hospitalario, estancia temporal en residencia, estancia en balneario, etc.,...

3. Traslado temporal do domicilio por outras causas.

4. Modificación temporal das circunstancias que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causantes da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema da autonomía e atención a dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa individual de atención, consonte o establecido na Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar a resolución de Programa individual de atención.

3.- Modificación do servizo: con carácter xeral, a alteración das circunstancias valoradas para a concesión do servizo poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente.

En calquera dos casos sinalados, será necesario o informe do/a traballador/a social, que deberá ser incorporado ao expediente individual/familiar.

Artigo 9.- Causas de denegación do servizo

Serán causas de denegación do servizo:

1. Que a vivenda non reúna as mínimas condicións de habitabilidade, careza de auga, luz,... infravivenda, chabola ou similares.

2. Negativa a facilitar os medios oportunos e condicións para que sexa levado a cabo o servizo.

3. A negativa a asinar o acordo de prestación do servizo e proxecto de intervención.

4. Residir nunha pensión, hostel, hotel, habitacións realugadas, vivendas colectivas ou similares.

5. Acceso a outros servizos ou prestacións de análogo contido ou finalidade, público ou privado, así como a concorrencia das incompatibilidades previstas pola lexislación na materia, salvo que aqueles se consideren insuficientes e non exista duplicidade.

Artigo 10.- Formas de prestación do servizo

Correspóndelle ao Concello de Ourense as funcións de planificación, programación, dirección técnica do servizo; a coordinación, execución, seguimento, supervisión, control e avaliación deste, así como a recepción, avaliación e resolución das solicitudes, en tanto non sexa asumida esta competencia pola Xunta de Galicia nos termos da disposición transitoria segunda da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.

O SAF poderá ser prestado ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

A extensión e intensidade das prestacións do SAF de libre concorrencia que poidan recoñecerse, virá condicionada pola limitación orzamentaria dispoñible para este servizo.

Artigo 11.- Do equipo profesional

No desenvolvemento da prestación do servizo intervirán nun primeiro nivel os traballadores/as sociais dos servizos sociais comunitarios do Concello de Ourense, que desempeñaran un labor de carácter técnico: diagnóstico, seguimento e avaliación.

Nun segundo nivel intervirán os profesionais e auxiliares de axuda no fogar encargados da execución do servizo.

A.- Primeiro nivel:

1.- Xefe/a de servizo, como responsable dos servizos sociais, ten entre outras as seguintes funcións:

- Programación e avaliación do servizo en xeral.

- Deseño dos instrumentos de sistematización.

- Supervisión e control da xestión do servizo.

- Estudo e análise das demandas e dos resultados.

- Supervisión e control do seguimento do servizo e coordinación cos técnicos responsables da entidade prestadora do servizo.

2.- Traballadores/as Sociais das UNIS, son os que reciben a demanda, fan o estudo e avaliación da situación, deseñan o proxecto de atención individual ou familiar e o seguimento e avaliación do mesmo. As súas funcións e tarefas serán as seguintes:

- Información e asesoramento do servizo.

- Estudo das demandas individuais, diagnóstico da situación e deseño da proposta de intervención.

- Cubrir o expediente individual/familiar.

- Emisión do informe social preceptivo con proposta específica de atención, da intensidade e da participación no pagamento.

- Avaliación e seguimento de cada caso.

- Formular propostas de modificación do servizo: ampliación, redución ou suspensión.

- Realizar as xestións e tarefas necesarias para a consecución doutros servizos e prestacións nos casos que sexa necesario para o usuario.

- Coordinación cos profesionais da entidade prestadora do servizo.

- Fomentar as responsabilidades dos familiares como coidadores primarios.

B.- Segundo nivel:

O servizo, deberá contar con profesionais cualificados para a execución do SAF, entre os que ha de ter como mínimo, os seguintes:

1.- Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de



0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias; persoal técnico mínimo

50 A 99; 1 técnico/a titulado/a xornada completa

100 A 199; 2 técnicos/as titulados/as a xornada completa

200 A 399; 3 técnicos/as titulados/as a xornada completa

Incrementos sucesivos; Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa.

As funcións asignadas a este profesionais serán entre outras as seguintes:

– Programación e execución das propostas de intervención deseñadas para cada caso.

– Asignación e supervisión nos domicilios dos usuarios das tarefas realizadas polos auxiliares de axuda no fogar.

– Control da execución do servizo e dos profesionais que o desenvolven.

– Estudo e análise de resultados.

– Supervisión e control do seguimento de cada caso dando conta os profesionais dos servizos sociais municipais.

– Reunións periódicas cos profesionais dos servizos sociais do concello responsables do SAF.

– Emitir os correspondentes informes de seguimento dos usuarios do servizo con periodicidade bimensual e sempre que as circunstancias o fagan necesario. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

– Informar das incidencias na prestación do servizo.

– Favorecer o apoio social aos usuarios facilitando o labor dos voluntarios, fomentando o contacto co exterior.

2.- Auxiliares de axuda no fogar, son os profesionais que realizan tarefas de carácter persoal e doméstico, en contacto directo coas persoas usuarias do servizo, a súa familia e seu contorno. Realizarán as seguintes funcións:

– Executar os servizos de aseo persoal, limpeza do fogar etc.,... deseñados no Proxecto de intervención.

– Orientación en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.

– Facer ao usuario/a protagonista do seu proceso de vida e non substituílo/a naquelas funcións que poida desenvolver por si mesmo.

– Apoiar as persoas para crear hábitos de limpeza na casa, aseo persoal, control de menciñas, etc.

– Actuar de enlace entre os usuarios/as e os técnicos/as do servizo.

O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

A entidade titular e a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

• Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.

• Un Proxecto de intervención, asinado polo técnico/a responsable, segundo o anexo II desta ordenanza.

• Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Ourense e a persoa usuaria, segundo o anexo III desta ordenanza.

• Informes de seguimento periódicos, que se realizarán tras a visita domiciliar do técnico coordinador do servizo. Terán un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 12.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1.- O acceso será directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa individual de atención, e consonte a aplicación do Programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o Concello de Ourense, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos.

2.- Para as persoas as que non lle asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrència, segundo o seguinte procedemento:

A.- O procedemento poderá iniciarse a solicitude do interesado, ou de oficio, cando as circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen.

B.- A solicitude formularase por escrito en modelo formalizado, segundo o anexo I desta ordenanza, dirixida ao alcalde e entregada no Rexistro Municipal do concello, ou a través de calquera dos medios sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A solicitude, deberá ir acompañada da seguinte documentación:

1.- Fotocopia cotexada do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.

2.- Fotocopia cotexada da tarxeta sanitaria da persoa solicitante e se é o caso dos resto de persoas da unidade de convivencia.

3.- Certificado de convivencia.

4.- Informe médico que acredite a carencia de autonomía, estado de saúde e prescrición de tratamentos (anexo V).

5.- Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso.

6.- Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:

– Fotocopia cotexada da última declaración da renda ou no seu defecto certificado de imputacións do IRPF expedido pola Axencia Tributaria.

– Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios, etc... que perciban ou declaración xurada de non percibilas.

- Declaración responsable acerca do patrimonio na que se detalle o conxunto das titularidades de bens e dereitos de contido económico, de xeito que quede completamente acreditada a súa situación patrimonial.

7.- Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso, ou outro documento xustificativo do réxime de tenencia.

8.- Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais ou familiares realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

C.- As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite, tal como se establece na lexislación que regula o procedemento Administrativo.

D.- As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade, conforme o modelo de informe social para baremación das solicitudes, segundo anexo IV.

E.- O/A traballador/a social responsable do SAF elevará proposta de resolución conformada polo/a xefe/a de servizo ao órgano competente.

F.- O órgano competente para ditar a resolución será o/a alcalde/sa que pode delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. A resolución no caso de ser favorable incluírá, indicación expresa do número de horas que se prestarán, relación de tarefas que se levarán a cabo e a porcentaxe de financiamento da persoa usuaria sobre o custo total do servizo. No caso de ser desfavorable, o acordo deberá de motivar as razóns de denegación.

G.- Tramitación por vía de urxencia: cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, á vista do informe-proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

H.- Cando a solicitude sexa positiva, en función da dispoñibilidade orzamentaria do servizo, o solicitante pasará a ser dado de alta no SAF ou ben incorporado á lista de agarda, ocupando o número de orde que lle corresponda en función da puntuación acadada polo seu expediente trala baremación do mesmo. No caso de igualdade de puntuación, a prioridade establecerase pola antigüidade segundo o número de rexistro de entrada da solicitude.

